

MATERIA  
Historia Moderna I

TITULACIÓN  
Grao en Historia

unidade  
didáctica  
1

# A poboación europea e o sistema demográfico antigo (séculos XVI-XVII)

Camilo Fernández Cortizo

Historia Moderna  
Departamento de Historia Medieval e Moderna  
Facultade de Xeografía e Historia

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**DESCATALOGADO**

© Universidade de Santiago de Compostela, 2014



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-ND 2.5  
Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na  
licenza Creative Commons BY-NC-ND 2.5 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo  
excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:  
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/deed.gl>

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Vicerreitoría de Estudantes,  
Cultura e Formación Continua  
da Universidade de Santiago de Compostela  
Servizo de Publicacións  
da Universidade de Santiago de Compostela

ISBN  
978-84-16183-34-0

**MATERIA:** Historia Moderna I  
**TITULACIÓN:** Grao en Historia  
PROGRAMA XERAL DO CURSO  
Localización da presente unidade didáctica

### **MÓDULO A. As bases socioeconómicas**

**Unidade I. A poboación europea e o sistema demográfico antigo (séculos XVI - XVII)**

**Unidade II. Economía. Agricultura e industria nos séculos XVI e XVII**

**Unidade III. Técnicas capitalistas e comercio. O Mercantilismo**

**Unidade IV. A sociedade europea da Alta Idade Moderna. Estructura e evolución**

### **MÓDULO B. O pensamento e a cultura**

**Unidade V. Os mecanismos difusores da cultura (séculos XVI-XVII).**

**Unidade VI. Renacemento e Humanismo: as bases intelectuais e culturais do mundo moderno**

**Unidade VII. As reformas relixiosas**

**Unidade VIII. As orixes da Ciencia Moderna**

### **MÓDULO C. O goberno, a política interior e as relacións internacionais**

**Unidade IX. As orixes do Estado Moderno**

**Unidade X. O nacemento das novas monarquías e a pluralidade de formas políticas en Europa**

**Unidade XI. O avance do absolutismo no s. XVII. O Reino de Inglaterra e a República Holandesa**

**Unidade XII. As relacións internacionais (1500-1650)**

## ÍNDICE

---

### PRESENTACIÓN

#### OS OBXECTIVOS

1. Xerais
2. Específicos

#### Os principios metodolóxicos

#### OS CONTIDOS BÁSICOS

1. A demografía histórica: obxectivos e fontes.
2. O número de homes e a distribución espacial
  - 2.1. O número de habitantes e a distribución espacial
  - 2.2. A evolución da poboación europea
    - 2.2.1. O crecemento do século XVI
    - 2.2.2. A contracción demográfica da primeira metade do século XVII
  - 2.3. Poboación urbana e poboación rural
3. O réxime demográfico antigo
  - 3.1. Natalidade/fecundidade
  - 3.2. Nupcialidade
    - 3.2.1. Idade de matrimonio e celibato feminino definitivo
    - 3.2.2. Modelos matrimoniais y limitación de nacementos
  - 3.3. Mortalidade
    - 3.3.1. A mortalidade ordinaria: factores e niveis
    - 3.3.2. A mortalidade catastrófica: crises demográficas
4. Os movementos migratorios
  - 4.1. As causas das migracións
  - 4.2. As migracións internacionais
  - 4.3. A atracción urbana
  - 4.4. As migracións temporais e estacionais
5. Conclusións

#### ACTIVIDADES PROPOSTAS

#### AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

#### BIBLIOGRAFÍA

## PRESENTACIÓN

---

A materia Historia Moderna I (G5021222), da titulación Grao en Historia (Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007), posúe o carácter de obrigatoria e cúrsase no segundo ano (2º curso), no primeiro cuadrimestre. Está integrada no módulo Coñecemento Xeral da Historia (Cronolóxico e Territorial).

Consta de 6 créditos e, polo tanto, de 150 h de dedicación total por parte do alumnado, distribuídas da seguinte maneira:

- Traballo presencial: 51 h.
  - Docencia expositiva: 32 h
  - Docencia interactiva: 16 h
- Titorías personalizadas: 3 h
- Traballo persoal do alumno (estudo autónomo, lecturas, preparación de traballos e de exposicións orais, etc.): 99 h

Esta materia inaugura, no plano de estudos do Grao en Historia, as referidas Idade Moderna, que suman un total de seis distribuídas en tres módulos:

1. Coñecemento Xeral da Historia (Cronolóxico e Territorial):

- Historia Moderna I
- Historia Moderna II
- Historia Moderna de España
- Historia de Galicia II

2. Economía, Sociedade e Institucións:

- Economía e Sociedade na Época Moderna

3. Cultura, Ideoloxía e Institucións:

- Cultura e Poder na Idade Moderna

A materia **Historia Moderna I** debe proporcionar ao alumno un coñecemento básico sobre a demografía, a economía, a sociedade, a cultura e o pensamento e, finalmente, sobre o Estado, a política interior e as relacións internacionais, así como sobre os procesos de cambio e de continuidade acontecidos en Europa na Alta Idade Moderna (finais do século XV a mediados do século XVII). En consecuencia, o seu programa organízase entre tres módulos:

- A. As bases socioeconómicas
- B. Pensamento e cultura
- C. Goberno, política interior e relacións internacionais

O primeiro destes módulos componse de catro unidades didácticas, nas que se analiza sucesivamente a evolución e os comportamentos demográficos (Unidade I); o sistema económico e as actividades agrícola, industrial e comercial (Unidades II e III) e, finalmente, a sociedade rural e urbana (Unidade IV) de Europa na Alta Idade Moderna.

A presente unidade didáctica, «A poboación europea e o modelo demográfico antigo (séculos XVI-XVII)», correspóndese coa primeira do programa da materia, como tamén no caso do temario da materia **Historia Moderna II**, na que se

completa e prolonga o estudo da poboación europea ata o século XIX. Nas materias de **Historia Moderna de España** e **Historia de Galicia II**, o estudo da poboación europea substitúese respectivamente polo da española e o da galega (último terzo do século XV a mediados do XIX). Finalmente, a optativa, **Economía e Sociedade na Época Moderna**, ampla e afonda en cuestións, comportamentos e fenómenos demográficos xa tratados nas materias anteriormente citadas.

A duración das actividades presenciais e non presenciais da presente unidade didáctica estímase en 17 horas, distribuídas da seguinte maneira:

- 3 horas de clases expositivas;
- 1 hora de clase interactiva (interpretación e comentarios de textos, cadros, gráficos e mapas);
- 1 hora de clase interactiva (exposición pública dun tema de demografía histórica);
- 12 horas non presenciais (elaboración do traballo de exposición).

## OS OBXECTIVOS

---

### 1. Xerais

- **obxectivo 1:** coñecer e explicar os principais fenómenos e procesos históricos de natureza demográfica, económica, social, cultural e política da Alta Idade Moderna;
- **obxectivo 2:** comprender e interpretar mapas, cadros, gráficos e documentos históricos referidos os fenómenos e procesos históricos do período;
- **obxectivo 3:** elaborar e expoñer en público un tema do programa da materia.

### 2. Específicos

- **obxectivo 1:** coñecer e explicar, en primeiro lugar, a evolución da poboación e a súa distribución espacial e, en segundo lugar, o réxime demográfico antigo (nupcialidade, fecundidade/natalidade, mortalidade e migracións) da Europa da Alta Idade Moderna;
- **obxectivo 2:** comprender, interpretar e comentar mapas, cadros, referidos aos fenómenos e comportamentos demográficos;
- **obxectivo 3:** elaborar e expoñer en público un tema de demografía histórica.

## OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

---

A metodoloxía da aprendizaxe recorre aos métodos interactivos e dialóxicos que parten dos seguintes supostos:

1. Que a construción do coñecemento é un proceso persoal de cada estudante, coa titorización e supervisión do profesor.
2. Que a interacción entre profesor e alumnos e dos alumnos entre eles contribúe á estimulación da aprendizaxe.
3. Que a aprendizaxe é un proceso de diálogo e de comunicación a través do cal os estudantes adquiren coñecementos e competencias e incorporan novos puntos de vista e actitudes.

Partindo destes supostos, a metodoloxía da materia combina tres recursos, en ningún modo independentes entre si, senón estreitamente relacionados:

1. Exposicións do profesor, co apoio de materiais didácticos debidamente seleccionados (textos históricos, mapas, cadros, gráficos, imaxes) e co emprego de TIC (diapositivas, páxinas web, etc.), co fin de facilitar a comprensión dos contidos e de suscitar o interese dos alumnos (Obxectivo 1);
2. Clases interactivas con participación activa dos estudantes: interpretación e comentario de textos, cadros, gráficos e mapas (Obxectivo 2);
3. Organización de grupos de traballo (un por cada tema e doce en total): elaboración e exposición oral en público do tema elixido e debate posterior (Obxectivo 3).

Mediante estas actividades formativas preténdese, por unha parte, que o estudante proceda á integración e transferencia de coñecementos co fin de comentar textos historiográficos, documentos, cadros, gráficos e mapas e indagar sobre os antecedentes de fenómenos e procesos históricos; por outra, que mobilice os seus coñecementos e adquira as correspondentes competencias.

## OS CONTIDOS BÁSICOS

---

### 1. A demografía histórica: obxectivos e fontes.

A demografía histórica formúlase o obxectivo do estudo cuantitativo das poboacións do pasado e dos seus mecanismos reguladores. Neste caso, a presente unidade didáctica centra este estudo no período que transcorre dende o último terzo do século XV ata mediados do XVII. Os seus obxectivos básicos consisten, por unha banda, en precisar a cuantificación, evolución temporal e distribución espacial da poboación europea e, por outra, en analizar o sistema demográfico antigo e os seus diferentes compoñentes (natalidade/fecundidade, nupcialidade, mortalidade e migracións).

Para cumprir con estes obxectivos, os historiadores demógrafos recorren a unha ampla serie de fontes documentais que na época preestatística —a anterior á aparición do Rexistro Civil e dos Censos oficiais e periódicos no século XIX—, presentaban características moi diferentes as do período estatístico actual.

En primeiro lugar, compoñen un conxunto moi heteroxéneo, podendo distinguirse inicialmente dous tipos:

1. Fontes impresionistas, que proporcionan unha información de tipo cualitativo ou descritivo (diarios de viaxes; informes oficiais, lexislación, etc.)
2. Fontes cuantitativas, que permiten a elaboración de series estatísticas comparables no tempo e no espazo.

Estas últimas son as máis útiles para a investigación demográfica. De todas elas, destacan, por unha banda, os censos e recontos de poboación mandados facer polas autoridades monárquicas para «contar os súbditos» co fin de coñecer a capacidade fiscal e militar do reino. Por outra, os libros parroquias de bautizados, de casados e de defuntos, mandados facer pola autoridade eclesiástica para «contar os fieis» e controlar a administración e o cumprimento dos sacramentos.

En segundo lugar, as fontes da época preestatística non tiñan unha finalidade demográfica, senón ante todo fiscal, militar, señorial e relixiosa. De aí que con relativa frecuencia os seus datos pequen por defecto e, polo tanto, sexan inexactos.

Finalmente, caracterízanse pola súa escaseza, pola falta de periodicidade temporal e pola heteroxeneidade das unidades recontadas (fogos, veciños, vasalos, habitantes, etc.).

## 2. O número de homes e a distribución espacial

### 2.1. O número de habitantes e a distribución espacial

A poboación europea dende o último terzo do século XV ata mediados do XVII experimentou un crecemento que non foi, en todo caso, continuo nin intenso. En 1500, estímase en 81-84 millóns os habitantes de Europa, incrementados ata 125 millóns en 1700. A escala mundial, o peso da súa poboación era modesta; nunha e noutra data achegábase ao 20% da total.

Estas cifras de poboación total ocultan, non entanto, diferenzas internas moi contrastadas. En 1700 os habitantes de Francia, a máis poboada de Europa, estímase en 20 millóns; en cambio, os da Confederación Helvética, en 1,2 millóns.

Conseguentemente, a distribución espacial da poboación tamén é moi desigual e os niveis de ocupación humana, en xeral, baixos; polo demais sofren cambios entre a fase final do século XV e mediados do XVII. Así, a Europa mediterránea, onde se concentra a maior proporción de poboación en 1500, e a central perden peso en beneficio do Noroeste europeo.

Moi desigual a distribución da poboación europea, a ocupación humana caracterízase por baixas densidades demográficas; a comezos do século XVII a media continental non supera os 12 hab/km<sup>2</sup>. De novo, entre uns países e outros márcanse diferenzas apreciables; basta comparar as densidades de Italia e Países Baixos (40 hab/km<sup>2</sup>) coas de Portugal e España (17 hab/km<sup>2</sup>).



## 2.2. A evolución da poboación europea

Na Alta Idade Moderna iníciase unha período de crecemento, agora ben, o seu ritmo e intensidade varia duns países a outros, dunhas rexións a outras, etc. Por esta razón, distínguense dúas fases:

### 2.2.1. O crecemento do século XVI

Tras a trágica difusión da Peste Negra (1348-1350) a poboación europea sufriu unha forte redución, calculándose que os 90 millóns de habitantes de comezos do XIV se reducirán a 60-65 millóns a mediados do XV. Independentemente da exactitude destas estimacións, o certo é que Europa viviu un prolongado período de despoboamento, do que só se empezou a recuperar a partir de 1450 e, de forma máis evidente, a partir de 1470. En 1500, os europeos aproximábanse aos 85 millóns; en 1600, segundo diferentes estimacións, oscilaban entre os 104-111 millóns. Con posterioridade, a expansión demográfica proseguiu, polo menos, ata a década de 1570 e, nalgúns países, mesmo ata mediados do século XVII, se ben o ritmo de crecemento se minorou. Con todo, en 1700 alcanzáranse 115-125 millóns de habitantes. Nunca antes Europa estivera tan poboada.

A alza demográfica estivo impulsada por diferentes forzas. A máis decisiva sen dúbida foi a ampliación da terra de cultivo (explotación de novo de terras anteriormente abandonadas, cavadura de montes e bosques incultos, desecamento de marismas e pantanos, pólders) que posibilitou o aumento da produción de subsistencias necesarias para alimentar a máis bocas. Tamén os progresos do sistema intensivo, do cultivo continuo da terra, nalgunhas rexións (Holanda, norte de Italia, sueste de Inglaterra) contribuíron, aínda que de forma limitada, a este aumento dos alimentos.

A alza demográfica viuse así mesmo favorecida polo descenso da mortalidade como consecuencia da menor frecuencia e intensidade das crises agrarias, dos anos de malas colleitas, e dos episodios de epidemias, en particular da peste, a grande asasina deste período.

Esta combinación de factores relanzou o crecemento da poboación europea ao longo da maior parte do século XVI. Agora ben, as súas bases eran febles e limitadas, porque a extensión das terras de labor non podía ser indefinida e, en efecto, finalmente a expansión nuns casos cesou e noutros retardouse.

### 2.2.2. A contracción demográfica da primeira metade do século XVII

A interrupción da alza demográfica non se sucedeu en todos os países ao mesmo tempo, nin coa mesma intensidade. Nalgunhas rexións (Castela, sur de Italia, Francia) adiantouse á década de 1570; noutras retardouse ata os anos 1620-1630 (norte de Italia) e mesmo ata mediados do século XVII (Holanda, Inglaterra). Por conseguinte, a crise non foi xeneralizada, nin tampouco afectou por igual e ao mesmo tempo a todos os países. Por esta razón, o total da poboación europea non

decreceu, pero reduciu o seu crecemento ao 9% entre 1600 e 1700, cando no século anterior superara o 25%. Na primeira data os europeos sumaban 104-111 millóns, na segunda 115-125 millóns.

As causas da contracción demográfica son diversas e de distinta natureza. En primeiro lugar, influíu moi negativamente a crise da produción agrícola, debido, por unha parte, á imposibilidade de seguir ampliando as terras de cultivo e, pola outra, ao empeoramento climático («Pequena Idade de Xeo»). Os anos de malas colleitas e, polo tanto, de fame volvéronse máis frecuentes; tamén as epidemias, en particular a peste, cuxos efectos mortais se agravaron.

A crise industrial e comercial dos países ibéricos e de Italia repercutiu sen dúbida de forma negativa, ao igual que a maior frecuencia dos conflitos bélicos, que causaron importantes baixas non só como consecuencia das batallas, senón tamén da destrución das colleitas e da propagación de epidemias por razón da mobilidade dos exércitos.

### 2.3 Poboación urbana e poboación rural

A poboación da época residía masivamente en poboacións e localidades rurais. En 1500, os seus habitantes concentraban o 94,5%; cento cincuenta anos máis tarde, o 92,4%. Os efectivos urbanos incrementáranse lixeiramente, pero seguía dominando a imaxe dunha Europa escasamente urbanizada, cunha rede urbana moi débil. As taxas máis elevadas de urbanización correspondían á rexión mediterránea e ao Noroeste e, máis en concreto, aos Países Baixos e a Italia, onde as porcentaxes de cidadáns oscilaban entre o 14-32%.

Con todo, ao longo da Alta Idade Moderna sucedéronse cambios. En primeiro lugar, entre 1500 e 1600 incrementouse o número de cidades (154 e 197 respectivamente); en segundo lugar, tamén o total dos seus habitantes (3,44 millóns e 6,18 millóns respectivamente). O período máis dinámico foi o do século XVI, cunha alza do 72%, que caeu ao 4% durante a primeira metade do século XVII. De feito, neste último período as cidades da Europa mediterránea perderon en torno a medio millón de habitantes, compensados cos seiscentos mil que gañaron as da Europa do Noroeste.

### 3. O réxime demográfico antigo

O volume e a evolución da poboación estaban condicionadas nas súas magnitudes e ritmos de crecemento por unha serie de factores demográficos: a fecundidade/natalidade, a nupcialidade, a mortalidade e, finalmente, as migracións. No seu conxunto e combinándose entre si compoñen un sistema demográfico que no caso do da época moderna recibiu, por contraposición ao actual, a dobre denominación de «sistema demográfico antigo» e de «demografía de Antigo Réxime».

Foi Malthus, na súa obra «Ensaio sobre o principio da poboación» (1798), o primeiro en profundar na relación entre crecemento demográfico e dispoñibilidade de alimentos, concluíndo que o ritmo de incremento da poboación é superior e máis

rápido que o da produción agraria. En consecuencia, pasado un tempo sobreviviría unha situación de superpoboación e tamén de miseria e de desnutrición, que obrigarían a por en funcionamento os freos positivos ou represivos por vía da mortalidade. Crises agrarias e epidemias provocarían o seu incremento, reducindo a poboación e reinstaurando de novo o equilibrio entre poboación e recursos. Produciríase así a autorregulación da poboación mediante o freo positivo, da mortalidade.

Con posterioridade, nunha versión corrixida da obra citada o mesmo Malthus admitía o funcionamento doutro tipo de freo, o preventivo, neste caso baseado na nupcialidade. Consistía en rebaixar o número de matrimonios e/ou atrasar a idade de matrimonio a fin de reducir a capacidade reprodutora da poboación e, desta forma, previr a superpoboación.

En razón do funcionamento dun ou outro freo, positivo pola mortalidade ou preventivo pola nupcialidade, imporíanse variantes ou versións do réxime demográfico antigo diferentes. No primeiro caso, de alta presión, as taxas de fecundidade e de mortalidade serían especialmente elevadas; no segundo, de baixa presión, aínda sendo elevadas unhas e outras, inferiores.

### 3.1 Natalidade/fecundidade

A fecundidade era, en efecto, moi elevada ata o punto que as taxas brutas de natalidade oscilaban entre o 30 e 40 por 1.000, cando na actualidade nos países occidentais varían entre o 8 e o 12 por 1.000. A fecundidade era tan alta porque non estaba controlada; non existía o control voluntario dos nacementos no seo dos matrimonios. En consecuencia, a evolución da fecundidade dependía ante todo das condicións fisiolóxicas da muller e da idade de matrimonio. O ciclo de apoxeo situábase entre os 20 e 30 anos, de forma que, cumprido o 30 aniversario, o nivel da fecundidade ía descendendo progresivamente e xa de forma abrupta a partir dos 40 anos. Eran moi poucas, en efecto, as mulleres que tiñan fillos despois desta idade.

Por todas estas razóns, fálase nesta época dunha fecundidade «natural», non controlada, pero iso non supuña que nacesen un fillo anualmente. É necesario erradicar este vello mito, porque os intervalos interxénésicos, é dicir o prazo transcorrido entre un parto e o seguinte, máis frecuentes oscilaban entre os 24 e 30 meses e, por tanto, o número medio de fillos por matrimonio non adoitaba exceder cinco ou seis. Esta descendencia final do matrimonio víase reducida pola combinación de tres factores: en primeiro lugar, pola lactación materna máis ou menos prolongada, durante a cal moitas nais estaban afectadas por unha esterilidade temporal; en segundo lugar, pola máis ou menos elevada mortalidade de adultos que terminaba prematuramente cos matrimonios, sen que nestes casos a muller completas o seu período fértil; finalmente, pola idade de matrimonio, que no caso de ser tardía —superior aos 25 anos— acurtaba o período fecundo das mulleres e, por conseguinte, o número de fillos procreados.

O diferente comportamento dos factores citados condicionaban as taxas de fecundidade que, aínda sendo en xeral elevadas, o eran máis nos países de réxime de alta presión e tamén nas cidades en resposta a unha mortalidade tamén máis forte.

### 3.2 Nupcialidade

#### 3.2.1 Idade de matrimonio e celibato feminino definitivo

A nupcialidade nesta época tiña unha repercusión máis notable sobre a fecundidade que na actualidade, porque tan só unha proporción modesta de fillos —inferior ao 5%— nacía fóra do matrimonio.

En efecto, da maior ou menor frecuencia de matrimonios e da máis ou menos tardía idade de matrimonio seguíanse consecuencias distintas para a fecundidade. Dunha parte, a elevada porcentaxe de solteiros de máis de 40 anos reducía o número matrimonios; da outra parte, a idade tardía nupcial acurtaba o período fecundo da muller e, en consecuencia, a súa descendencia final. Debido a estes comportamentos nupciais restritivos, os niveis de fecundidade serán indubidablemente inferiores aos alcanzados no suposto contrario, dun celibato definitivo feminino reducido e dunha idade de matrimonio máis temperá.

#### 3.2.2. Modelos matrimoniais y limitación de nacementos

Precisamente na Europa dos séculos XVI e XVII coexistían estes dous tipos de réximes matrimoniais. En gran parte da Península Ibérica, na Francia e na Italia meridionais, no resto da Europa mediterránea e en toda Europa central, a nupcialidade era máis intensa e forte. As idades medias de matrimonio eran inferiores aos 22-23 anos e mesmo aos 20 anos e as proporcións de solteiras maiores de 40 anos moi baixas. Casaban un maior número de noivos e a idades máis novas; desta forma, este réxime de forte nupcialidade favorecía taxas de fecundidade xeral e matrimonial máis elevadas, que coincidían con niveis de mortalidade tamén máis altos.

Pola contra, o modelo de débil nupcialidade, que se estendía pola maior parte da península escandinava, Inglaterra e Escocia, Países Baixos, norte de Italia e de España e por grandes rexións de Francia, caracterizábase por un celibato definitivo feminino relativamente abundante —nunca inferior ao 10%— e por unha idade nupcial tardía, en xeral superior aos 25 anos. A diferenza do anterior, coincidía con taxas de fecundidade e de mortalidade menos elevadas. Estas diferenzas entre un e outro modelo eran tan notables que P. Chaunu chegou a afirmar que o matrimonio tardío das mulleres era «a verdadeira arma contraceptiva» desta época.

Con arranxo a estes modelos matrimoniais, como xa foi adiantado, o réxime demográfico antigo presentaba nesta época unha dobre variante. En primeiro lugar, o réxime de baixa presión, caracterizado por uns niveis de nupcialidade, de fecundidade e de mortalidade menos elevados e, en contrapartida, o de alta presión, por uns especialmente fortes. No primeiro caso, era a nupcialidade o principal factor regulador da poboación; no segundo, a mortalidade.

### 3.3. Mortalidade

No réxime demográfico antigo, a fecundidade era elevada, pero tamén a mortalidade. As taxas brutas oscilaban entre 30 e 35 por 1.000, cando nos países

occidentais da actualidade non exceden o 11 por 1.000. Esta reducida marxe entre a natalidade e a mortalidade propiciaba crecementos en xeral mediocres.

### 3.3.1 A mortalidade ordinaria: factores e niveis

Unha mortalidade tan extrema explícase por toda unha serie de factores que inicialmente poden ser reducidos a catro principais: falta de hixiene persoal e pública; deficiente alimentación en cantidade e calidade; grave incidencia de enfermidades infecciosas e, finalmente, escaso desenvolvemento e ineficacia da ciencia médica. No entanto, na actualidade téndese a pór énfase tamén en factores naturais — temperatura e humidade— e humanos —densidade e mobilidade da poboación, tipo de construcións, vestimenta—, sen menosprezar tampouco os socioeconómicos. Sen dúbida o nivel de vida e as condicións sociais influíron nos niveis de mortalidade. Así o confirman, en primeiro lugar, as superiores taxas das cidades explicadas pola concentración da poboación, pola insalubridade, pola falta de hixiene e de limpeza pública, pola contaminación das augas, etc. En segundo lugar, tamén o confirma o feito de que a morte golpee máis severamente aos sectores economicamente máis desfavorecidos.

Neste marco de acusada mortalidade, a infantil e xuvenil —entre 0 e 19 anos— sobresaía en particular. Antes de cumprir o seu primeiro ano, polo menos o 25% dos nados xa faleceran; nalgúns países e rexións, a taxa incrementábase ata o 35%. Con posterioridade, a mortalidade proseguía sendo alta, de forma que un 50% non cumpría o seu 20 aniversario. En palabras de P. Goubert necesitábanse dous nenos para facer un home. En consecuencia, a esperanza de vida ao nacer era, con escasas excepcións, moi baixa, entre 28 e 32 anos.

### 3.3.2. A mortalidade catastrófica: crises demográficas

A mortalidade catastrófica, causada por crises agrarias e polas epidemias, era o outro responsable da forte mortalidade desta época. Con relativa frecuencia as defuncións experimentaban alzas súbitas e anormais, en particular cando anos de malas colleitas, de crises agrarias coincidían coa difusión de enfermidades contaxiosas, en particular da peste, que como mínimo mataba ao 60% dos contaxiados e no caso da pulmonar ao 100%.

Tras un período de descanso, retornou a Europa de novo a partir da década de 1560, de forma que ata o momento da súa desaparición, en 1670, nos países occidentais sucedéronse ata sete ondas pestíferas. A de 1603 causou en Londres 30.000 mortos; con posterioridade, a de 1665 incrementou esta cifra ata 68.500 falecidos. Contemporaneamente, as crises agrarias, agora máis frecuentes e dramáticas, agravaron aínda máis os efectos da morte. A pregaría «A fame, peste et bello libera nos Domine» adquiriría así plena xustificación.

#### 4. Os movementos migratorios

Na Europa dos séculos XVI e XVII, os movementos migratorios eran, sen dúbida, menos intensos e de menor volume que no mundo contemporáneo. As poboacións eran máis estables, menos móbiles; por conseguinte, prevalecía o modelo sedentario. No entanto, en datas recentes diferentes historiadores demográficos matizan este predominio e advirten respecto diso que nalgúns rexións europeas, en xeral de montaña, os movementos da súa poboación eran frecuentes e intensos e, sobre todo, nas cidades, auténticos colectores que atraían e expulsaban constantemente poboación.

##### 4.1. As causas das migracións

As causas da maior ou menor mobilidade da poboación son diversas. As primordiais son, sen dúbida, as de tipo económico. A insuficiencia da produción agrícola e, en xeral, a necesidade e escaseza de medios de subsistencia forzaban a desprazarse a destinos máis ou menos afastados; das terras de montaña cara ás baixas e de val e do campo ás cidades próximas. Nos novos destinos, buscábanse mellores oportunidades de emprego e vantaxes salariais.

Noutros casos, os cambios de residencia non estaban motivados por unha situación de necesidade, de falta de recursos, senón polo exercicio de determinadas actividades ou profesións. Era o caso das colonias de comerciantes establecidas en portos, por exemplo nos de Venecia, Antwerpen, Lisboa e Sevilla no século XVI ou nos de Amsterdam e Londres no XVII. Era o caso dos mercadores e banqueiros que residían temporalmente nas cidades de Lyon, Besançon e Antwerpen durante a duración das súas feiras.

Primordiais as causas de tipo económico, a disidencia relixiosa promoveu a persecución e expulsión de minorías, que con frecuencia tiñan un carácter masivo e mobilizaban comunidades e familias enteiras. Foi o caso da expulsión dos xudeus nos reinos españois e de Portugal en 1492 e 1495 respectivamente; da expulsión dos mouriscos en 1609. Así mesmo, o contaxio do protestantismo reactivou a fuxida de disidentes reformados desde países católicos (Países Baixos do Sur, Francia, etc.) cara aos protestantes (Holanda, Inglaterra, cantóns suízos).

En suma, as causas de tipo económico e relixioso eran, sen dúbida, as primordiais, pero interviñeron tamén outros factores relacionados coa tradición e experiencia migratoria comunitaria e familiar ou con aspiracións individuais de ascenso social ou de espírito de aventura. Todos estes factores alimentaban os movementos migratorios desta época. Os historiadores demógrafos frecuentemente clasíffcanos en función da duración (definitivos, temporais e estacionais) e da distancia (internacionais, de media e curta distancia).

##### 4.2. As migracións internacionais

As migracións internacionais, que frecuentemente supoñían desprazamentos a longa distancia e de carácter en xeral definitivo, tiveron nesta época como principal

destino o continente americano. A emigración máis importante é a de españois, que trasladou ata comezos do século XVII ao redor de cuarto millón. De menor volume foi a saída de portugueses cara a Brasil. As colonias dos imperios ibéricos recibiron, ademais, importantes continxentes de escravos; no século XVI chegaron polo menos 75.000 á América española e 50.000 a Brasil.

No territorio europeo, as empresas máis ou menos oficiais de colonización foron causa tamén de desprazamentos a longa distancia. Por exemplo, as colonizacións agrarias de rexións de Hungría e de Prusia mobilizaron a moitos emigrantes doutras nacións.

### 4.3. A atracción urbana

O traslado ás cidades era o destino máis frecuente entre os desprazamentos de carácter definitivo. As urbes exercían unha poderosa atracción sobre os territorios dos arredores por razón das maiores perspectivas de emprego e de ocupación en actividades máis variadas (artesanía, comercio, servizo doméstico, etc.) e, así mesmo, por razón das vantaxes salariais.

Frecuentemente o crecemento natural da poboación —saldo entre nacementos e defuncións— era negativo ou escasamente positivo, polo que a expansión da poboación dependía en gran medida de achegas externas, da inmigración desde as súas concas demográficas, auténticas reservas de poboación para a cidade próxima. Cada unha tiña a súa propia conca máis ou menos extensa e dela saían os inmigrantes que permiten explicar que a poboación de Nápoles pase de 125.000 habitantes a 275.000 entre 1500 e 1600, ou que durante o mesmo período a de Londres creza de 50.000 a 200.000.

Estas taxas de crecemento urbano tan elevadas só se explican pola inmigración. É problemático propor estimacións cuantitativas da súa proporción, pero calcúlase que os foráneos superaban o 40% da poboación urbana. Na cidade francesa de Lyon, por exemplo, ao longo período de 1529-1801 a proporción de hospitalizados nados fóra oscilaban entre o 55-65%. Predominaban os foráneos sobre os naturais; así mesmo entre os chegados, a primacía correspondía aos de procedencia rural e, por xénero, ás mulleres.

### 4.4. As migracións temporais e estacionais

Este tipo de desprazamentos eran as que mobilizaban anualmente a un maior número de europeos; en concreto calcúlase que centos de miles abandonaban os seus fogares, aínda que durante curtos prazos de tempo. No caso das emigracións estacionais ausentábanse uns poucos meses; en cambio, nas temporais, dun ano a varios, con relativa frecuencia 4 ou 5. A súa duración era, por tanto, curta, pero as ausencias eran repetidas ao longo de moitos anos.

Tratábase frecuentemente de emigracións de tipo laboral, causadas pola miseria e falta de medios de subsistencia. Por esta razón, emígrase de forma

estacional ou temporal co fin de obter uns ingresos complementarios para subsistir ou mellorar as condicións de vida familiares.

As faenas agrícolas, de carácter estacional, demandaban man de obra en épocas de sega dos cereais, de vendima, da recolección da oliva, etc.; en consecuencia, moitas rexións europeas de agricultura especializada —condados do leste de Inglaterra, as provincias francesas de Aquitania, Provenza, o val do Po e a Italia central— convertíanse no destino de cuadrillas de traballadores e campesiños á procura de medios de subsistencia. Noutras rexións, estas cuadrillas estaban compostas por artesáns, como os albaneis e canteiros do Macizo central francés que se dirixían ás cidades de París, Lyon, Bordeus, onde permanecían ao redor de 8-10 meses.

Estas migracións estacionais por razón de traballo acollen unha variedade de protagonistas moi ampla: pastores transhumantes, segadores e vendimadores, canteiros e albaneis, tecervos, mariñeiros e pescadores de altura e, mesmo, vagabundos que agora transitan en número crecente polos camiños europeos.

As ausencias en ocasións prolongábanse a un ou máis anos e adoptaban así unha duración temporal. A miúdo tratábase de desprazados que traballaban en oficios artesanais ou se dedicaban á actividade mercantil. Era o caso dos traficantes ambulantes das rexións francesas de Saboia, O Delfinado e Auvernia que se desprazaban ao longo e ao ancho do reino, chegando a Suíza e a Alemaña. Era tamén o caso da emigración de naturais das rexións francesas do Sur, do Limousin e, sobre todo, de Auvernia cara ás cidades de Cataluña, de Aragón e do Levante, onde permanecían 3-4 anos de forma continuada, empregados en actividades artesanais e comerciais e no sector de servizos. Estímase que entre 1500 e 1600 esta corrente emigratoria desprazou a 200.000 franceses.

## 5. Conclusións

A poboación europea, tras o período de contracción a partir da Peste Negra (1348-1350), iniciou a súa recuperación a partir de mediados do século XV e, de forma máis evidente, a partir de 1470. En 1500 os europeos sumaban ao redor de 85 millóns; nos dous séculos posteriores o seu número proseguiu incrementándose: 104-11 millóns en 1600; 115-125 millóns en 1700. Agora ben estas cifras totais ocultan contrastes espaciais e ritmos dispares. En primeiro lugar a poboación urbana creceu a un ritmo máis forte que a rural. En segundo lugar, a taxa de crecemento dos países do noroeste europeo é máis elevada, prolongándose a expansión ata mediados do século XVII. Por fin, o século XVI é o de maior alza, reducíndose a continuación durante a primeira metade do Seiscentos. Se a poboación seguiu crecendo debeuse, en gran medida, ao dinamismo da rexión noroeste do continente.

En todo caso, as taxas de crecemento son modestas debido a que, como consecuencia dos elevados niveis de fecundidade e de mortalidade, os excedentes demográficos son reducidos. O réxime demográfico antigo non posibilitaba fortes e rápidos incrementos.



A fecundidade matrimonial era elevada, porque era «natural», sen control voluntario de nacementos. Certamente nos países de dominio do réxime de alta presión érao aínda máis en resposta a niveis de mortalidade tamén máis altos. Pola contra, nos de dominio do réxime de baixa presión, eran inferiores, ao funcionar a nupcialidade —idade tardía de matrimonio e relativamente elevado celibato feminino definitivo— como mecanismo limitador dos nacementos. Así mesmo, a mortalidade alcanzaba proporcións elevadas, debido á forte mortalidade infantil e xuvenil —50% dos nados non cumprían o 20 aniversario— e a mortalidade catastrófica (crises agrarias e epidemias, en particular de peste).

Como última característica, o sistema demográfico antigo privilexiaba a estabilidade fronte á mobilidade. Con todo, as poboacións dalgunhas rexións europeas e, sobre todo, das cidades alimentaban importantes fluxos migratorios. Nuns casos, o seu destino estaba a grandes distancias (colonias españolas e portuguesas en América; rexións interiores do continente europeo); noutros, en lugares non tan afastados, onde os emigrantes, obrigados á saír por causas de tipo económico, permanecían durante varios meses ou varios anos, retornando aos seus lugares de orixe, que abandonaban de novo para volver emigrar, repetindo este ciclo migratorio durante moitos anos da súa vida. Sen dúbida, a mobilidade máis forte rexistrábase nas cidades, cuxo crecemento dependía da inmigración de habitantes da súa conca demográfica.

### ACTIVIDADES PROPOSTAS

---

Para cumprir cos obxectivos formulados, realizaranse as seguintes actividades ante todo de tipo práctico:

1. Presentación e comentario de fontes documentais de demografía histórica (censos e recontos de poboación; libros de bautizados, de casados e de defuntos; informes sobre emigración; relatos sobre a peste, etc.).
2. Interpretación e comentario de textos, cadros (taxas brutas de natalidade, nupcialidade e mortalidade; idade media de matrimonio, táboas de mortalidade por idades, condicións persoais dos emigrantes, etc.); gráficos (número de habitantes e a súa evolución, etc.) e mapas (distribución espacial da poboación, procedencias e destinos dos fluxos migratorios; etc.).
3. Elaboración dun traballo en grupo (un por cada tema), de acordo co seguinte plano:
  - Elección do tema de exposición (A peste na Europa dos séculos XVI-XVII; A migracións europeas a América; etc.)
  - Selección e lectura da bibliografía do tema elixido.
  - Elaboración do guión correspondente, presentado e exposto nunha sesión previa co profesor.

- Exposición en público do tema.
  - Debate final.
4. Prácticas de campo: visita a arquivos históricos (exposición e explicación de fontes documentais de época, comentario da súa utilidade e tipo de información para a investigación demográfica).

## **AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA**

Na **convocatoria ordinaria**, a avaliación xeral da materia constará de dúas partes:

### **1. Proba escrita: exame do temario da materia (Clases expositivas)**

Tendo en conta que, segundo a Memoria do grao en Historia, esta proba non pode superar o 70% da cualificación final, asignáselle o exame o **60%** da nota total. Agora ben, como o programa da materia componse de doce temas, a porcentaxe que lle corresponde a presente unidade didáctica é do 5%.

### **2. Traballos persoais e en grupo**

Esta parte sumará o 40% da cualificación final, distribuída da seguinte maneira:

**2.1 Traballo persoal: comentario dun texto.** Para a súa cualificación tomarase en consideración a correcta redacción e preciso emprego da terminoloxía histórica, a claridade expositiva, a capacidade de síntese e a acertada interpretación dos contidos do texto comentado. Esta proba suporá o **20%** da nota final.

**2.2. Traballo en grupo: elaboración e exposición en público dun tema.**

Para a súa cualificación tomárase en consideración, en primeiro lugar, a acertada selección dos contidos e a súa organización e disposición no guión temático elaborado nunha primeira fase. A súa cualificación suporá un **5%** da puntuación total. En segundo lugar, no acto de exposición pública, avalaríase o correcto emprego da terminoloxía histórica, a selección dos contidos fundamentais, a capacidade de síntese e, finalmente, a claridade e orde na comunicación oral, mesmo no debate final. Esta parte suporá o **15%** da puntuación total.

Na **convocatoria da segunda oportunidade**, a proba escrita (exame) e o traballo persoal (comentario de texto) mantéñense coa mesma cualificación. O traballo en grupo substitúese por outro persoal, realizado por escrito. Suporá o 20% da nota final.

## BIBLIOGRAFÍA

---

- BARDET, Jean-Pierre, Jacques DUPÂQUIER (dirs.) (2001): *Historia de las poblaciones de Europa*, Madrid: Síntesis, Madrid.
- BEAUVALET-BOUTOUYRIE, Scarlett (2008): *La population française à l'époque moderne (XVIe-XVIIIe siècles)*, París: Belin.
- CAMPS, Enriqueta (2013): *Historia económica mundial: la formación de la economía internacional (siglos XVI-XX)*, Madrid: McGrawHill.
- CASTEX, Dominique, Isabelle CARTRON (comps.) (2007): *Epidémies et crises de mortalité du passé*, París: Diffusion de Bocard.
- DUPÂQUIER, Jacques (dir.) (1988): *Histoire de la population française*. París: Presses Universitaires de France.
- FLINN, Michael W. (1989): *El sistema demográfico europeo, 1500-1820*, Barcelona: Crítica.
- LIVI BACCI, Massimo (1998): *Historia de la población europea*, Barcelona: Crítica.
- (2012a): *Historia mínima de la población mundial*, Barcelona: Ariel.
- (2012b): *Breve historia de las migraciones*, Madrid: Alianza.
- VRIES, Jean de (1987): *La urbanización de Europa, 1500-1800*, Barcelona: Crítica.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA